



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
C/Emilia Pardo Bazán s/n  
C.P. Javier Gómez Noya  
15406 Ferrol  
Tlf. 981 324712 - 698119757  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

## **Circular 04/20 – Convocatoria de Eleccións CNF 2020-2024.**

Transcorrido o prazo da actual lexislatura para o que foi escollido a Presidencia do CNF, corresponde proceder á convocatoria das Eleccións para o período 2020-2024 de acordo coa normativa interna do Club Natación Ferrol, ante o cal, a Xunta Directiva aprobou no presente día e eu, de conformidade co artigo 41 dos Estatutos do Club Natación Ferrol vixentes, publico a seguinte resolución

### **Artigo 1. Convocatoria electoral.**

En virtude das competencias atribuídas a esta Xunta Directiva no artigo 25 do Estatutos do CNF, no artigo 2 do Regulamento das Eleccións á Presidencia do CNF e pola presente, procedemos a convocar as eleccións á Presidencia do Club Natación Ferrol para o período 2020-2024 e comunicarllo aos socios e socias co fin de dar cumprimento efectivo ás disposicións estatutarias e normativas de aplicación.

### **Artigo 2. Da Xunta Electoral.**

De acordo co disposto no artigo 8 do Libro II do Regulamento de Réxime Interno do CNF dende o presente día até a finalización do proceso electoral constitúese a Xunta Electoral do Club Natación Ferrol que estará integrada polos seguintes membros:

- **Presidente:** D. José Andrés Díaz Barro
- **Vogal:** Da. Sabela Díaz Dopico
- **Secretario:** o do CNF, D. Carlos Barbeito Brandariz.

A sede da Xunta Electoral fica fixada no local social do Club Natación Ferrol, sito no 2º andar do CP Javier Gómez Noya – R/ Emilia Pardo Bazán s/n 15406 Ferrol (A Coruña) e con correo electrónico oficial: [xuntaelectoral@natacionferrol.com](mailto:xuntaelectoral@natacionferrol.com). O prazo de recusación desta será de 72h dende a publicación da presente circular presentando a correspondente reclamación no correo [oficina@natacionferrol.com](mailto:oficina@natacionferrol.com).

### **Artigo 3. Publicación calendario electoral.**

Seguindo co establecido na normativa vixente facemos públicos o calendario electoral que serán pendurado, xunto co resto da documentación electoral que proceda, na páxina web do CNF ([www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)), redes sociais da Entidade Deportiva, así como no taboleiro cortizo oficial.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
C/Emilia Pardo Bazán s/n  
C.P. Javier Gómez Noya  
15406 Ferrol  
Tlf. 981 324712 - 698119757  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

#### **Artigo 4. Da constitución da Comisión Xestora.**

A actual Xunta Directiva ficará constituída dende a publicación do censo electoral en Comisión Xestora, de acordo co disposto no artigo 25 dos Estatutos do CNF, podendo, dende aquela, soamente realizar actos de mera xestión e administrativos (art. 2.3 do Regulamento Electoral).

Ferrol, 30 de maio de 2020

O secretario,

Asdo.: Carlos Barbeito Brandariz



Vto. e prace: a presidenta,

Asdo.: Noemí Álvarez Álvarez